



RESOLUCIÓN RELATIVA ÁS CONVOCATORIAS DE CONTRATACIÓN (REFERENCIA 2020/CP/097, 2020/CP/098 e 2020/CP/099, PARA DESENVOLVER TAREFAS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN - CATEGORÍA TÉCNICO/A ADMINISTRATIVO- e 2020/CP/100, PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA APLICACIÓN WEB PARA A XESTIÓN DE ESTATÍSTICAS - CATEGORÍA TÉCNICO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN-, DO CONVENIO PERSOAL I+D+i, XUNTA DE GALICIA - UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PUBLICADAS NA SEDE ELECTRÓNICA DA UDC O 30 DE ABRIL DE 2020

O 30 de abril do 2020, publicáronse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC as convocatorias 2020/CP/097, 2020/CP/098 e 2020/CP/099, para a selección e contratación laboral dun técnico/a administrativo/a a tempo completo e 2020/CP/100, para a selección e contratación laboral dun técnico/a de apoio á investigación a tempo completo por cada unha das convocatorias referenciadas.

As bases das respectivas convocatorias fixaron o prazo de presentación de solicitudes de participación en *"10 días a partir do levantamento do estado de alarma, en aplicación do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo que interrompe os prazos dos procedementos administrativos"*.

Posteriormente o Real Decreto 537/2020, de 22 de maio, derogou a previsión que difería o inicio dos prazos ao levantamento do estado de alarma e estableceu, no artigo 9, a reanudación ou reinicio, con efectos do 1 xuño, dos prazos administrativos afectados pola declaración do estado de alarma, polo que en aplicación da dita previsión o prazo de presentación de solicitudes nas convocatorias de referencia rematará o 15 de xuño.

Esta circunstancia determina a prematuridade da tramitación administrativa levada a cabo nestes procedementos, nos que os órganos de selección se constituíron na Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e por videoconferencia por Teams o día 29 de maio de 2020 e por resolución de 1 de xuño fixéronse públicas as propostas de contratación, que se inseriron no TEO da UDC o seguinte 2 de xuño.

Na súa virtude e habida conta de que o prazo de presentación de solicitudes nestes procedementos atópase aberto e rematará o 15 de xuño de 2020.

RESOLVO deixar sen efecto as actuacións administrativas realizadas en desenvolvemento das convocatorias de contratación referencias nº 2020/CP/097, 2020/CP/098, 2020/CP/099 e 2020/CP/100 para o efecto de que, logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes, os órganos de selección realicen os actos de desenvolvemento do proceso selectivo respecto de todos os aspirantes que até a dita data soliciten a súa participación nos procedementos.

Contra esta resolución cabe interpoñer un recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo de poder interpoñer, con carácter potestativo e previo no prazo dun mes, un recurso de reposición ante este mesmo órgano, de conformidade co establecido nos artigos 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ferrol, 5 de xuño de 2020

A presidenta do Órgano de Selección

María Jesús Movilla Fernández